

G

UÍA DIDÁCTICA

OBRADOIRO STOP MOTION

2018/2019



Táboa de contidos

Contidos.....	3
Obxectivos.....	3
Cuestións previas.....	4
Sesión inicial.....	5
Introdución a Educación para o desenvolvemento....	6
Iniciación ao Stop Motion.....	7
Exemplos.....	7
Storyboard.....	8
Stop Motion Studio.....	9
Resto de sesións.....	10
Lectura do texto.....	11
Divisións dos grupos.....	12
Reparto do traballo.....	12
Execución.....	13

A presente guía forma parte do proxecto de educación para o desenvolvemento *Escolas sen Racismo* impulsado por *Asamblea de Cooperación pola Paz e Agareso financiado por Cooperación Galega da Xunta de Galicia.*

O obradoiro de Stop Motion forma parte dun conxunto de seis talleres audiovisuais que se impartiron no curso 2018-2019 dentro do proxecto ***Escolas sen Racismo.***

A súa realización levouse a cabo no CEIP Apóstolo Szantiago de Santiago de Compostela, e foi orientado a 16 alumnos e alumnas de 5^o de primaria.

O obradoiro de Stop Motion trata de achegar unha ferramenta audiovisual como instrumento para xerar unha conciencia crítica, motivadora e creativa a través das novas tecnoloxías e de fácil acceso para todo o mundo.

Contidos

Breve introdución a educación para o desenvolvemento, cuestións fundamentais e en que nos afecta.

Iniciación o Stop Motion, que é, os seus inicios, exemplos prácticos, distintas técnicas.

Concepto de Storyboard, como crear unha historia.

Explicar o funcionamento da App para móbil Stop Motion Studio.

Creación dun conto animado con esta técnica.

Obxectivos

Achegar ao alumnado a ferramenta audiovisual como método de reflexión acerca da distinta e diversa realidade que os rodea.

Construír unha mensaxe conxunta, con unha participación igualitaria para xerar unha peza de sensibilización.

Que o alumnado incorpore as técnicas vistas no obradoiro e teña a posibilidade seguir xerando contido unha vez finalizado o obradoiro.

Fomentar a participación igualitaria e o traballo en grupo



CUESTIÓNS PREVIAS

NÚMERO DE ALUMNADO

O número de alumnado aconsellable para a realización do obradoiro sería un máximo de 20 persoas, co fin de facer un máximo de 4 grupos de cinco persoas cada un. Se o número de alumnado na aula é superior, recoméndase crear un grupo máis, en lugar de ampliar o número de alumno/a por grupo.

Neste caso a principal dificultade sería que a persoa encargada de impartir o obradoiro necesitaría acompañamento.

Para a creación dos grupos, pódese optar por varias vías, pero sendo a profesora ou profesor do centro quen mellor coñece o alumnado, aconséllase acordar con esa persoa nunha reunión previa todo o relativo a creación dos grupos, sempre tendo en contas os principios de igualdade.

GUIÓN

Esta guía esta pensada para 6 obradoiros nun curso de primaria. Nese tempo estímase moi difícil xerar un guión coa participación maioritaria da aula. Esta tarefa tería que ser asumida polo centro, con acompañamento do proxecto. Para este caso imos utilizar contos que traballan temáticas sociais, de igualdade, medioa ambientais..xa existentes e diseñados dentro do marco do proxecto.

MATERIAIS NECESARIOS

Para a adecuada realización técnica da animación Stop Motion, necesitaremos que cada grupo dispoña dun trípode, un soporte para adaptar o móbil o trípode, e un móbil coa aplicación Stop Motion instalada.

REUNIÓN CO PROFESOR/A ENCARGADA DA AULA

Nesta reunión previa hai varios temas fundamentais a tratar e que a encargada por parte do centro ten que ter claro.

Material para a execución do stop motion: Temos que valorar a capacidade e o tempo que o grupo lle vai poder dedicar a construción dos escenarios e os personaxes.

Isto é unha tarefa a maiores dos seis obradoiros, e as decisións principais a tomar son que tipo de material usar, papel, cartolina, plastilina etc.

A parte principal dos escenarios acostúmase a facer de cartolina, e para enchelo..pódese utilizar todo tipo de material, cartón, plastilina e incluso, se temos algún material xa feito, como poda ser unha árbore de xoguete podemola aproveitar. Construír os escenarios é a parte que máis tempo engadido supón para o obradoiro, e tamén é a parte que lle vai dar un aspecto máis ou menos traballado o stop motion.

As principais problemáticas que nos atopamos cos escenarios, e que entre sesión e sesión móvense, rómpense, o ideal sería poder contar con un espazo onde os escenarios estive- ran fixos, pero iso rara vez é posible.

Na construción de personaxes podemos utilizar plastilina, papel, ou xoguetes. A principal contra do papel, pero sobre todo da plastilina é que se deterioran facilmente co paso do tempo. Unha cousa importante a ter en conta é que o ter varios grupos traballando a vez, é moi probable que máis dun grupo necesite o mesmo personaxe, co cal teremos que ter varios bonecos iguais para intentar minimizar a diferenza entre eles.

SESIÓN INICIAL

20 min - Presentación e introducción a educación para o desenvolvemento.

20 min - Iniciación ao Stop Motion

10 min - Visionado de exemplos

10 min - Concepto Storyboard

20 min - Explicación da App Stop Motion Studio

20 min - Exercicio práctico

Como punto de partida do obradoiro de Stop Motion, realizase unha breve introducción a Educación para o desenvolvemento, para explicar o marco do proxecto, axentes implicados e motivacións.

A continuación faise unha introducción ao Stop Motion, explicando o seu funcionamento máis básico e pónense exemplos para que o alumnado vaia vendo que tipo de pezas audiovisuais se poden facer.

Para rematar esta primeira sesión, explícase o plan de traballo de todo o obradoiro, e realízase unha primeira práctica con aqueles elementos que imos usar durante o proxecto, facendo fincapé na explicación da App móbil que se vai utilizar.

Este obradoiro consta de 6 sesións, esta inicial é a de contido máis teórico, as outras cinco son totalmente prácticas.



Introducción a Educación para o desenvolvemento

Este proxecto está organizado por Agareso e por Asamblea de cooperación pola Paz, financiado pola Xunta de Galicia a través de subvención de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global. Sendo a educación para o desenvolvemento o pilar fundamental no que se basea o proxecto, faise unha breve explicación de cales son as cuestións fundamentais que se abordan, sendo os obxetivos principais contar con unha cidadanía máis informada, máis concienciada e que sexa máis participativa.

Son varios eixos os que traballa a Educación para o desenvolvemento, neste obradorio a través do conto *A Illa de Cores*. Abordamos o consumo responsable, o respecto ao medioambiente, e a valorar as diferenzas da cidadanía global.

Iniciación ao Stop Motion

Exemplos

O stop motion é unha técnica de animación que consiste en aparentar movemento de obxectos estáticos utilizando imaxes fixas sucesivas fotograma a fotograma.

Úsase con calquera obxecto e calquera material, aínda que os principais soen ser a plastilina e o papel.

O interesante desta introdución, é que o alumnado vaia captando ideas e ver todo o potencial que ten esta ferramenta audiovisual, deixando un gran espazo para a creatividade.

Recursos

[Cabalo en movemento](#)

[Chiken Run](#)

[Historia do Stop Motion](#)


[Stop Motion doado](#)

[O arte](#)

Storyboard

Co obxectivo de que o alumnado entenda que unha boa planificación é necesaria cando propoñemos a idea de realizar un stop motion, explícase que é un Storyboard, cal é a súa función e a súa finalidade.

Tamén é moi útil para introducir a idea de que é un plano e a súa utilidade dentro da historia. Polo xeral sempre se utiliza só un plano, pero este pódese desfragmentar para mellorar o discurso narrativo, e tamén para ampliar a duración dalgunha escena, que soe ser un problema habitual neste tipo de produtos audiovisuais se posteriormente imos introducir voz e son.




Co obxectivo de achegar o Stop Motion ao alumnado, e que ese aprendizaxe teña continuidade e se poda replicar na súa contorna, dunha forma sinxela e intuitiva, valorouse utilizar unha aplicación para teléfono móbil, e non outras solucións máis profesionais, no que xa dependamos de programas privados, ordenadores, cámaras de fotos, etc.

A aplicación elixida foi Stop Motion Studio, dispoñible para IOS e Android, con un fácil manexo que enseguida o alumnado comprende, e con opcións moi interesantes para facer Stop Motion básicos. Entre esas opcións atopamos unha transparencia que nos permite ver a foto anterior, o cal facilita moito a animación e foi a característica principal polo que se considerou esta aplicación como a mellor opción.

É importante ter en conta que a labor de montaxe non se fai con esta aplicación, se nón que teremos que recurrir a outras solucións. Desta labor encargaráse a persoa responsable dos obradoiros.

Stop Motion Studio



RESTO DE SESIÓN

Débido a complexidade do conto elixido, a planificación fixo que cinco sesións de traballo se dedicaran a parte totalmente práctica.

1º Lectura do texto e o seu análise.

2º División dos grupos.

3º Reparto do traballo.

4º Execución.



A Illa de Cores

Lectura do texto

A illa de cores
Lara Dopazo Ruibal

Este conto, escrito por Lara Dopazo, foi o elixido para ser animado neste obradoiro.

Na reunión previa coa profesora encargada no centro do curso de 5º de primaria que o ía acometer, valoramos que a súa lonxitude era a adecuada para o grupo, como finalmente así foi.

A maior dificultade era a creación dos escenarios, cuestión que resolveu o propio alumnado en horas extras que lle dedicaron ao conto.

O grupo resultáballe moi difícil imaxinar como serían os personaxes da historia, de decantáronse por usa Playmobil para que tiveran unha certa homonexidade.

Outra cuestión fundamental era tomar a decisión de que material utilizar, nos decantamos polo papel, porque nos pareceu o máis sinxelo, e tamén o máis doado de gardar, xa que o proxecto estaba previsto que durara un mes e medio.

Nunha illa nos confins do mar había unha aldea. A illa era moi pequena, así que aquela aldea era a única aldea que había na illa, e tiña só dúas dúcias de casas. Os habitantes da illa vivían tranquilos: coidaban animais, pescaban, cultivaban a terra e recollían froitos de todas as cores que nacían nas árbores. Eran moi felices naquel recunchiño do mar.

Un día chegou ao pé da illa un barco enorme, tan grande como nunca tal se mirara naquel lugar. Do barco baixaron uns homes que organizaron na praia un mercado con todo tipo de obxectos descoñecidos para os habitantes da illa. Había paraugas, xarróns, torradoras, flores de plástico, escafandras, reloxes de peto, garavatas, bolsas e unha chea de cousas máis. A xente da aldea toleou con todo aquilo, tan bonito e raro, e mercaron todo o que aqueles homes baixaran á praia.

O barco comezou a ir a cada pouco, sempre echendo a praia de cousas que se vendían axiña. Toda a aldea baixaba a aquel mercado menos unha muller que vivía nunha casa moi pequeniña debaixo dunha árbore moi grande. Pensaba ela: a miña casa é moi pequena, para que vou enchela de cousas que non necesito?

Todas as casas estaban repletas de artuxos fantásticos e un montón de obxectos que adornaban as mesas, as portas, os patios e as hortas. Todas menos a de aquela muller que nunca baixaba mercar á praia. Así que os habitantes da aldea comezaron a rirse dela por non ser como os demais:

- por levar a roupa remendada en vez de mercar roupa nova
- por asoar o nariz con panos de tea
- por levar a comida sempre gardada en botes de cristal
- por carrexar as súas cousas nun carriño
- por arranxar os mobles e a aparellos no canto de tiralos

Dáballe igual que se risen dela. Pensaba: para que vou mercar tantas cousas que non me fan falta?

Pasara xa moito tempo desde a primeira vez que chegara aquel barco inmenso, e a illa pouco a pouco fórase enchendo de lixo: cousas rotas, ou que só se podían usar unha vez, ou que xa pasaran de moda ou deixaran de gustar aos seus donos. A pequena illa, antes tan chea de cores e tan bonita, agora parecía cada vez máis unha lixeira. Xa case non quedaban praias limpas, nin prazas limpas, nin prados limpos.

Os habitantes da illa comezaron a preocuparse porque cada vez quedaba menos sitio para vivir: o lixo ocupábo todo e ata cando saían pescar as súas redes recollían de todo, menos peixes. Como non sabían que facer, foron á casa daquela muller da que tanto ríran. Dixéronlle: temos tantas cousas inútiles que non sabemos que facer con elas. Axúdanos.

Dende aquela a muller aprendeulle de novo como se cosía, como se arranxaba, como se reutilizaba. Entre todos comezaron a pensar novas vidas para aquelas cousas que quedaran inservibles ou romperan. Tiveron que aprender de novo que acumular non os fixera máis felices e que a illa, e todas as súas xentes, estaba máis bonita e viva cando non había lixo.

División dos grupos

Reparto do traballo

A división dos grupos realizouna a profesora do centro.

A cada grupo asinábaselle unha parte do guión para que animara, necesitando unha gran coordinación para que todos os grupos foran o mesmo ritmo e non se pisaran.

A gran dificultade que presentou esta forma de traballar, foi que a maioría das veces íamos necesitar que os grupos contaran co mesmo personaxe, fixéronse varios para remediar este inconveniente, pero aínda así, foi unha das cuestións que máis problemas deu a hora de traballar. O mesmo ocorreu cos escenarios, varias veces, distintos grupos necesitaban o mesmo escenario para poder traballar. Estas cuestións teñen que ser previstas no momento do reparto das tarefas.

Adxudicáronse distintos roles dentro do propio grupo, cada obradoiro eses roles rotaban, desta maneira, o alumnado ía pasando por todos os postos e participando en todo. Esta forma de traballar recibe algunha crítica por parte do alumnado, pero desde o punto de vista do proxecto é moi importante que respeten o traballo dos compañeiros e compañeiras e a participación sexa o máis igualitaria posible.

GRUPO 1

Alumno/a	Posto
Alejandra	Cámara e trípode
Loira	Directora
Leia	Animar
Bruno	Ax. de dirección

Deberes para o 25 de Marzo

-Facer os créditos iniciais do conto.
Animar o título **A illa de cores**

proposta creativa, cos materiais que queirades, plastilina, papel, cartulinas, debuxando...

Execución

As cinco restantes sesións estiveron dedicadas a realizar o traballo. Cada grupo ten que ter preparado o material para poder iniciar a parte que lle corresponde.

Os grupos constan dunha persoa que é a encargada de ir debuxando e vixiando que temos todos os elementos escénicos dispoñibles. Outra persoa que se encarga de tomar as fotografías, polo tanto de manexar a aplicación móbil. Outra que se encarga de animar aos persoaxes e elementos, e por último outra persoa que apoia ao resto nas súas funcións e vixía que non haxa erros de continuidade, que todo sigue o seu orde.

O último día unha rapaza grabou a voz coa lectura do conto para darlle máis sentido e que se entendera mellor.



Dalle a play para ver o resultado final